



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### RIANXO

##### Secretaría

*Anuncio r.a. nº 673/2023 de 06.07.2023 do nomeamento do persoal integrante do comité anti-fraude*

##### ANUNCIO

##### NOMEAMENTO DO PERSOAL INTEGRANTE DO COMITÉ ANTI-FRAUDE DO CONCELLO DE RIANXO

Con data 06 de xullo de 2023 ditase a Resolución da alcaldía nº 673/2023, correspondente ao NOMEAMENTO DO PERSOAL INTEGRANTE DO COMITÉ ANTI-FRAUDE DO CONCELLO DE RIANXO, que se transcribe a continuación:

Visto o Plan de prevención de riscos e medidas anti-fraude o que o Concello de Rianxo se adheriu na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022 e que foi publicado no BOP 125 do día 4 de xullo de 2022 (PLAN PREMADECOR), polo que se crea un órgano colexiado de carácter técnico para a correcta aplicación das medidas previstas en dito Plan, denominado COMITÉ ANTI-FRAUDE para a Deputación a vista de que o ser un concello de mais de 10.000 habitantes este órgano Cadecor non presta as súas funcións a este concello é necesario un Comité Antifraude para o Concello de Rianxo

En execución do disposto no apartado 4.1 do PLAN PREMADECOR e logo de consultar coa Secretaria co Interventora

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Designar membros integrantes do Comité Antifraude do Concello de Rianxo os seguintes traballadores municipais :

- Dona Patricia Sánchez Castelo Secretaria municipal ou quen ocupe o posto de secretaria do concello
- Dona Patricia Fernández Pérez Interventora municipal ou quen ocupe o posto de interventora do concello
- Don Carlos Ces Ozores, servicios informáticos, suplente outro técnico municipal que se nomee expresamente .
- Dona Vanessa Reboredo Fraga por parte do Servizo de Contratación, suplente Manuela Vicente Torres do servizo de intervención ou calquer outro técnico municipal nomeado expresamente
- Dona María José Fungueiriño Tubío do Servizo de Desenvolvemento local suplente Aurora Rodríguez Rey ou calquer outro técnico municipal nomeado expresamente

**SEGUNDO.-** O órgano adecuará toda a súa actuación e funcionamento ao disposto na Sección terceira do capítulo II do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público, debendo estar constituído por un membro da Secretaría xeral, un membro do órgano interventor, un membro do Servizo de Administración electrónica, un membro do Servizo de Contratación e un membro pertencente ao Servizo de Desenvolvemento Local .

En función da carga e distribución do traballo en cada momento, das posibles causas de abstención, ausencia ou enfermidade, o superior xerárquico de cada órgano ou servizo designará á persoa que integrará o órgano en cada sesión convocada.

**TERCEIRO.-** Aplicarase supletoriamente o disposto no comete antifraude do convenio antifraude artigos 4 e seguintes .

As normas as de funcionamento interno adoptaranse na primeira sesión e posterior aprobación por resolución desta Presidencia. En todo caso, corresponderanlle ao membro da Secretaria as funcións legalmente reservadas a este órgano na vixente lexislación de réxime local.

**CUARTA.-** Notificar a presente resolución ás persoas designadas no apartado primeiro e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de transparencia da sede electrónica. Dar conta no próximo pleno .

**RECURSOS:**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa notificación. Con carácter previo, poderase interpor **recurso potestativo de reposición**, no prazo dun mes contado a partir da notificación, sen que poidan simultanearse ambos os dous recursos. No caso de que se presente recurso potestativo de reposición, non poderá interporse o recurso contencioso-administrativo antes de que se resolva aquel ou, no caso de falla de resolución expresa, ata que teña transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

Rianxo, xoves 6 de xullo de 2023.

O Alcalde, Julian Bustelo Abuín

2023/5565